



CONVOCATORIA DE SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións do Pleno da Corporación (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres, 24 de abril de 2026

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE CEE

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, ope legis, das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

a) **Borrador** da acta da sesión ordinaria realizada o 27 de marzo de 2026. Expediente Nº 2026/G010/000004.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, TURISMO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

2. Proposta de la alcaldía relativa a la ADHESIÓN DEL CONCELLO DE CEE A LA RED DE PUEBLOS GASTRONÓMICOS DE ESPAÑA.

3. Proposta da alcaldía: Solicitud a Deputación da Coruña de financiamento para a actuación "*CERTAME BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE*". Expediente Municipal: 2026/A007/000001.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

4 . Proposta alcaldía relativa a modificación do Anexo de subvencións nominativas do orzamento 2026.



5. Proposta alcaldía relativa o Suplemento de Crédito Nº 1/2026.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA, DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

6. **Dar conta** de Resolucions da Alcaldía para coñecemento: da núm. 282/2026 do 24 de marzo á núm. 364/2026 do 17 de abril.

7. **Dar conta:**

PERÍODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE 1 TRIMESTRE 2026
EXECUCIÓN TRIMESTRAL DO ORZAMENTO 1 TRIMESTRE 2026

8. **Dar conta** da Memoria da Alcaldía relativa o grao de cumprimento do Plan Estratéxico de Subvencións 2025- 2027. EXPEDIENTE Nº: 2025/A003/000001

9. **Mocións** (97.3 do ROF e 22 do ROM)

10. **Rogos e preguntas.**

SEGUNDO.- Infórmase, para os efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO.- Notificarlles esta convocatoria aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos no PORTAL DE CARGOS ELECTOS da sede electrónica municipal.

CUARTO.- Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente á marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee:
D^a Margarita Lamela Louzán.